

Aspectos esenciais sobre as Actividades Axenda 2030 do CX

Dende o Centro Xove encamiñámonos cara a un futuro sostible con base na:

- Transformación da sociedade moza, acompañando dun cambio de pensamento, conduta e hábitos de vida.
- Impulsar á mocidade, transformando a sociedade, para contribuir a acadar os ODS da Axenda 2030.

ACTIVIDADES

- **INICIACIÓN Ó XORNALISMO (PARTICIPA!)**
- **VIDEOARTE (PARTICIPA!)**
- **OBRADOIROS DE FORMACIÓN PARA BANDAS (PARTICIPA!)**
- **SERIGRAFIANDO E RECREANDO IDENTIDADES (PARTICIPA!)**
- **BOTÁNICA E SAÍDAS CULTURAIS (PARTICIPA!)**
- **ARTES PERFORMATIVAS (PARTICIPA!)**
- **COCIÑA ECOLÓXICA**
- **O CAFÉ DAS 18**



CANDO PODE INSCRIBIRSE A XENTE?

30 DE MARZO Ó 8 DE ABRIL, AMBOS INCLUIDOS.

COMO PODEN FACELO?

DE MANEIRA PRESENCIAL OU TELEMÁTICAMENTE, NA WEB DO CX.

AS NOSAS

CANLES HABITUAIS SON PRESENCIAIS E DIXITAIS (MAIL, WHATSAPP, ETC.).

CANDO COMEZAN AS

ACTIVIDADES? LUNS 10 DE ABRIL

Os Proxectos Axenda Urbana 2030 son unha resposta para achegar á mocidade ditos obxectivos municipais. Representan unha forma de apoio do Departamento de Promoción Económica ó espazo cunha batería de actividades.

E ATA CANDO TERÁN LUGAR? ATA O MES DE NOVEMBRO, EN DIFERENTES ACTIVIDADES.

A QUEN VAN DIRIXIDAS: MOCIDADE DE 14-35 ANOS, EMPADROADA NO CONCELLO DE SANTIAGO, PRIORITARIAMENTE.

ONDE TERÁN LUGAR? NO PROPIO CENTRO XOVE (AGÁS NAS SAÍDAS POLA CONTORNA)

Dende o Centro Xove encamiñámonos cara a un futuro sostible con base na:

- **Transformación da sociedade moza**, acompañando dun cambio de pensamento, conduta e hábitos de vida.
- **Impulsar á mocidade**, transformando a sociedade, para contribuir a acadar os ODS da Axenda 2030.

Para iso, os Proxectos Axenda Urbana 2030 son unha resposta para **achegar á mocidade ditos obxectivos municipais**. Representan unha forma de apoio do Departamento de Promoción Económica ó espazo cunha batería de actividades.

- **Cando pode inscribirse a xente?** 30 de marzo ó 8 de abril, ambos incluídos.
- **Como poden facelo?** De maneira presencial ou telemáticamente, na web do CX. As nosas canles habituais son presenciais e dixitais (mail, whatsapp, etc.).
- **Cando comezan as actividades?** Luns 10 de abril
- **E ata cando terán lugar?** Ata o mes de novembro, en diferentes actividades.
- **A quen van dirixidas:** Mocidade de 14-35 anos, empadroada no concello de Santiago, prioritariamente.
- **Onde terán lugar?** No propio Centro Xove (agás nas saídas pola contorna).

RESUMO DE ACTIVIDADES PROPOSTAS:

- **Iniciación ó xornalismo:** creación dunha revista propia, que será publicada e difundida nas redes sociais e web, aportando as inquedanzas e perspectivas da mocidade participante. Creación dun podcast propio.
- **Videoarte:** inmersión colectiva na creación dun produto audiovisual grupal centrado na arte como disciplina e íntegramente en galego.
- **Obradoiros de formación para bandas: do local de ensaio ao directo** Pretendese transmitir á mocidade coñecementos sobre o funcionamento do sector musical e cales son as tarefas que desenvolven os distintos profesionais e empresas que o conforman. O obradoiro traerá a persoal destacado do sector en formato *masterclass*.
- **Serigrafiando e recreando identidades:** Con todo tipo de material que podíamos recuperar e atopemos, reciclamos e dámoslle nova vida noutras pezas. Esta roupa *zero waste* será agasallada ás persoas participantes e á cidadanía, promocionando aínda máis este movemento e a nosa acción.
- **Botánica e saídas culturais:** Andaina dende o río Sarela até a Selva Negra, explicando e identificando as especies botánicas do lugar e os seus usos populares. Importante: non é unha actividade na que se oferte consello médico e/ou de saúde.
- **Artes Performativas:** Queremos promover unha vida sana e o benestar das persoas participantes do Centro Xove. Por iso, propoñemos aprender performance, teatro, teatro musical e cabaret... posta en escena! Facémolo a través desta actividade anual, onde exploramos un espectáculo de vangarda no que se combina elementos de artes e campos diversos, como a música, a danza, o teatro e as artes plásticas. Un obradoiro onde explorar e desfrutar, e que podería mesmo enriquecer ás nosas bandas residentes (como colaboración nas súas actuacións, videoclips, etc.).

- **Cociña ecolóxica:** Buscamos unha mellora da alimentación a través do acceso de tódalas persoas a unha alimentación sana e nutritiva. Consumo sostible e hábitos saudables guiados por profesionais da gastronomía en pequenas sesións para aprender cociñando.
- **O café das 18:** Grupos de conversa e conexión da mocidade. Fomentaremos un espazo de encontro onde a mocidade teña un espazo para falar e ser escoitados, traballando así o seu benestar emocional e tratando temas mensuais con profesionais que traten temas de interese que salgan do diálogo de grupo.

Toda a info poderá ser consultada na web centroxove.com e nas redes sociais.